MATRÍCULA

Do 11 de maio ao 15 de xullo de 2016

Homologado con 1 crédito ECTS na USC

TAXAS

Xeral: 70 €

Reducida: 40 € | Estudantes universitarios, de bacharelato ou formación profesional, pensionistas, desempregados, e PDI e PAS da USC

SEGURO OBRIGATORIO

Ao formalizar a matrícula é imprescindible suscribir o seguro obrigatorio de accidentes e asistencia en viaxes, cun custo adicional de 15 €. O estudantado da USC que xa dispón do seguro escolar obrigatorio do INSS está exento desta obriga.

CONTACTO E INFORMACIÓN

web do seminario: www.chantalakerman.eu

e-mail: akerman.usc@gmail.com

matrícula na USC: www.usc.es/cultura/veran

Organiza

audiovisuais estudos

UNIVERSIDADE DE VERÁN 2016

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

VICERREITORÍA DE OFERTA DOCENTE E INNOVACIÓN EDUCATIVA

Colabora

REGAL CERAMIC



CHANTAL AKERMAN CINEASTA DE CULTO, MULLER E TRANSGRESORA

Seminario Universidade de Verán USC
Facultade de CC. da Comunicación | 28 - 29 de xullo
Coa dirección de Renata Otero e Marta Pérez Pereiro
Grupo de Estudos Audiovisuais (G.I. 1786)

PRESENTACIÓN

O 5 de outubro de 2015, Chantal Akerman quítase a vida no seu apartamento de París. Viña de presentar o filme *No home movie* (2015) no Festival de Locarno e de recibir o aplauso da crítica internacional especializada. Deixaba tras de si una amplísima filmografía que a sitúa entre as principais figuras do cinema de autoría europeo, con indiscutible influencia en autoras/es contemporáneas/os como Gus Van Sant, Todd Haynes, Michael Haneke, Sally Potter, Tsai Ming-Liang, Avi Mograbi ou Isabel Coixet.

Porén, a difusión das súas obras no noso país é escasa, e para boa parte da poboación, Akerman segue a ser unha total descoñecida.

Este seminario propón un percorrido biofilmográfico que ubica a súa cinematografía na converxencia do feminismo cos novos cinemas europeos e co cinema experimental americano. Ao tempo, destaca a multidisciplinariedade da autora e, especialmente, a viaxe da súa obra dende pantalla grande ás videoinstalacións en espazos tradicionalmente reservados ás artes plásticas.

Nesta andadura, o achegamento á cinematografía de Akerman por parte académicas/os de disciplinas e universidades diversas, combínase coa intervención de diferentes cineastas que se recoñecen influídos pola autora e explican a súa pegada dende a dimensión creativa.



PROGRAMA DE CONTIDOS

28 | 07

10:00 | Inauguración do seminario
Margarita Ledo Andión. Coordinadora do Grupo de Estudos Audiovisuais
Renata Otero e Marta Pérez Pereiro. Directoras do seminario

10:30 | Quen, como e por que. Achegamento á vida e obra de Chantal Akerman
Renata Otero, docente, investigadora especialista en Chantal Akerman e artista multidisciplinar

11:15 | Akerman e os novos cinemas
José Enrique Monterde. Profesor de Historia da Arte e Belas Artes na Universitat de Barcelona, profesor de cine da ESCAC e investigador

12:00 | Pausa

12:15 | Bailar é amar. As comedias e musicais de Chantal Akerman
Marta Pérez Pereiro. Profesora na Facultade de CC. da Comunicación da USC e investigadora

13:00 | Proxección e debate: Saute ma ville (Akerman, 1968, 13 min.)
Introdución á proxección por Renata Otero

14:00 | Pausa

16:00 | Poñerse nunha película, exhibirse
Miguel Anxo Rodríguez, profesor na Facultade de Historia da Arte da USC e investigador

16:45 | Akerman e as videoinstalacións nos circuítos artísticos
Mar Caldas, profesora de Belas Artes da Universidade de Vigo e investigadora

17:45 | Proxección e debate: Je, tu, il, elle (Akerman, 1974. 86 min.)
Introdución á proxección por Renata Otero

29 | 07

10:00 | A escritura en primeira persoa en Akerman
Diana Toucedo, cineasta

10:45 | Jeanne Dielman. Apuntamentos sobre as estratexias fílmicas como ferramentas políticas para a análise da división sexual do traballo
María Ruido, cineasta e profesora na Facultade de Belas Artes da Universitat de Barcelona

11:30 | A nai, o medo, planos frontais e travellings no cinema de Chantal Akerman. Unha experiencia de programación
Marta Selva, profesora de Cine e TV na Universitat Rovira i Virgili e do Master de Documental Creativo da Universitat Autònoma de Barcelona e investigadora
Anna Solá, profesora asociada de Cine e TV na Universitat Politècnica de Catalunya e investigadora

12:00 | Pausa

12:30 | A experiencia do lugar en Akerman
Lois Patiño, cineasta

13:15 | Viaxando con Chantal (espello en man)
Xisela Franco, cineasta e investigadora

14:00 | Pausa

16:00 | Mesa redonda e debate
Diana Toucedo, María Ruido, Lois Patiño e Xisela Franco
Modera e coordina: Margarita Ledo Andión

18:30 | Proxección e debate: No home movie (Akerman, 2015, 115 min.)
Introdución á proxección por Renata Otero